

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "OBTENCIÓN DE MARCADORES MOLECULARES DE RESISTENCIA Á SALINIDADE NO BERBERECHO (*Cerastoderma edule*). RESALBER"

En Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2025

INTERVEÑEN

Dunha parte, Dña. Marta Villaverde Acuña, Conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, do 4 de xuño (DOG n.º 106 do 5 de xuño de 2025), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar a presente addenda, e na súa virtude

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que con data do 5 de novembro de 2024, as partes arriba referenciadas asinaron un convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Universidade de Santiago de Compostela, co fin de identificar marcadores para obter estirpes de berberecho tolerantes aos descensos de salinidade.

SEGUNDA.- Que conforme a cláusula quinta do dito acordo estipuláronse as bases do seu réxime económico.

TERCEIRA.- Que con data 12/08/2025 a Universidade de Santiago de Compostela (USC) presenta unha solicitude de modificación que afecta ao orzamento reflectido no

convenio, que foi aprobada por resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro de data 01/10/2025.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Modifícase a distribución entre os conceptos das anualidades 2025 e 2026 do orzamento recollido na cláusula quinta do convenio nos termos seguintes:

CONCEPTO	2024	2025	2026	TOTAL
Persoal	3.166,80 €	33.605,00 €	40.343,31 €	77.115,11 €
Axudas de custo do persoal	0,00 €	0,00 €	800,00 €	800,00 €
Material inventariable	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Material funxible	0,00 €	22.140,04 €	17.440,29 €	39.580,33 €
Servizos externos	0,00 €	26.718,30 €	13.728,99 €	40.447,29 €
Inscripcións en eventos	0,00 €	0,00 €	1.200,00 €	1.200,00 €
Organización eventos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Elaboración material divulgación	0,00 €	0,00 €	3.500,00 €	3.500,00 €
Custos indirectos 15% gastos persoal	475,02 €	5.040,75 €	6.051,50 €	11.567,27 €
SUMA ANUALIDADES	3.641,82 €	87.504,09 €	83.064,09 €	174.210,00 €

SEGUNDA.- Permanecerán vixentes as demais condicións do convenio inicialmente asinado.

E en proba de conformidade co exposto, asinan esta addenda en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Pola Consellería do Mar

Marta Villaverde Acuña

Conselleira do Mar

Pola Universidade de Santiago de Compostela

María del Pilar Bermejo Barrera

Vicerreitora de Política Científica da
Universidade de Santiago de Compostela

P.D. R.R. de 26/09/2023, DOG 05/10/2023